

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 22 de setembro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e dous de setembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, está presente a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32977.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 15 de setembro 2023.

2.32978.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA O INVESTIMENTO “OBRAS DE REPARACIÓN POR DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS 2022-2023” INCLUIDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, (Expte.2023034865)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.



- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.
- Mediante a Resolución Presidencial (RP) núm. 2023004393 de data 02/06/2023, rectificadas nas datas 03/08/2023 e 05/09/2023 polas RP núm. 2023006140 e 2023006725, respectivamente, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. Correspondéndolle ao Concello de Cerdedo-Cotobade unha cantidade subvencionable de 69.744.00 €.
- En data 08/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria do Plan de inundacións, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030609) dunha petición do Concello de Cerdedo-Cotobade, na que solicita unha subvención inicial por importe de 52.308,00 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Obras de reparación por danos causados polas inundacións 2022-2023 no Concello de Cerdedo-Cotobade*”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Posteriormente, en data 04/09/2023, consta entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023051479), emendada nas datas 05/09/2023 e 06/09/2023 (con núm. de rexistro WEB2023051734 e WEB2023052085, respectivamente), dunha petición do Concello de Cerdedo-Cotobade na que reformula a súa solicitude, aumentando a petición ata o importe de 69.744,00 €, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida pola entidade local cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan de inundacións ao achegarse a documentación requirida, se ben se constata que é precisa a autorización sectorial a Augas de Galicia. Así mesmo, o Concello posterga a remisión da acta de trazado previo (anexo III) e a aprobación do proxecto técnico á obtención das autorizacións sectoriais.



- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 06/09/2023.
- Así mesmo, as actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 13/09/2023 e da Intervención Provincial de data 14/09/2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, de data 06/09/2023, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 13/09/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/09/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, CIF P3600048G a cantidade de 69.744,00 € con destino ao financiamento do investimento “*Obras de reparación por danos causados polas inundacións 2022-2023 no Concello de Cerdedo-Cotobade*”, cun orzamento subvencionable de 69.744,00 €.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a obtención da autorización sectorial de Augas de Galicia, que deberá achegarse coa presentación da xustificación. Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto á obtención da autorización.

A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

3.32979.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI PARA O INVESTIMENTO “OBRAS DE REPARACIÓNS SOBRE O REGATO COTAREL, REGATO FONTE FEBREIRO, REPARACIÓN E REINSTALACIÓN DO PANTALÁN DA PRAIA AREEIROS, REPARACIÓN DE PAVIMENTO ACCESO CENTRO INTERFEDERADO DE REMO E PIRAGÜISMO E DANOS EN MURO DE CONTENCIÓN DO VIAL MUNICIPAL RA-01010” INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS. (Expte.2023035385)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos de Pontevedra está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023, modificadas nas datas 03/08/2023 e 05/09/2023 polas Resolucións Presidenciais núm.2023006140 e 2023006725, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. Correspondéndolle ó Concello de Tui unha cantidade subvencionable de 139.488,00 €.



- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos de Pontevedra pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.
- En data 08/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030801), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de TUI, emendada na data 12/06/2023 30/08/2023 e 08/09/2023 con números de rexistro WEB2023037469, WEB2023050698 e WEB2023052497, respectivamente, na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 139.488,00 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “OBRAS DE REPARACIÓN SOBRE O REGATO COTAREL, REGATO DA FONTE FEBREIRO, REPARACIÓN E REINSTALACIÓN DO PANTALÁN DA PRAIA AREEIROS, REPARACIÓN PAVIMENTO ACCESO CENTRO INTERFEDERADO RE REMO E PIRAGÜISMO E DANOS EN MURO DE CONTENCIÓN DO VIAL MUNICIPAL RA-01010”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, se ben se constata que se fai precisa a autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, nas seguintes actuacións:
 - Desperfectos nas infraestruturas no camiño municipal. Paso sobre a Regueira do Cotarel.
 - Desperfectos nas infraestruturas no camiño municipal. Paso sobre a regueira da Fonte Febreiro.
 - Desperfectos nas infraestruturas, Pantalán na praia de Areeiros.
 - Danos por afundimento de pavimentos no centro Interfederado de Remo e piragüismo.

Que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 17/08/2023.

Así mesmo, as actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 08/09/2023 e da Intervención Provincial de data 11/09/2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións , relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 17/08/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 08/09/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/09/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Tui*, CIF P3605500B, por importe de 139.488,00 € con destino ao financiamento do investimento denominado “*Reparación de danos por inundacións*”, cun orzamento polo mesmo importe, e condicionada á obtención da autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, nas seguintes actuacións:
 - Desperfectos nas infraestruturas no camiño municipal. Paso sobre a Regueira do Cotarel.
 - Desperfectos nas infraestruturas no camiño municipal. Paso sobre a regueira da Fonte Febreiro.
 - Desperfectos nas infraestruturas, Pantalán na praia de Areiros.
 - Danos por afundimento de pavimentos no centro interfederado de Remo e piragüismo
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado da presente resolución ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.32980.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, DINAMIZACIÓN E MANTEMENTO DUNHA PLATAFORMA B2B DENTRO DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL) APROBADO NA CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR) FINANCIADO POLA UE -NEXT GENERATION”. (Expte. 2023048319)

A Deputación de Pontevedra en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ten como un dos principais obxectivos en materia de comercio, o desenvolvemento de mecanismos para posicionar de maneira eficiente o territorio, xerando así unha maior competitividade no tecido empresarial da provincia e, especialmente, tendo en conta que en tempos de pandemia e confinamento, os comercios de proximidade estiveron pechados ou sufrindo importantes restricións de aforo o que provocou perdas económicas irrecuperables e fai necesario que desde a administración vélese pola reactivación eficaz da promoción económica local e, por outra banda, supuxo un impulso para que moitos iniciasen a súa transformación dixital. A recuperación do comercio de proximidade non debe centrarse unicamente en medidas orientadas aos comerciantes xa que tamén é esencial a implicación e sensibilización dos membros dunha mesma comunidade na recuperación deses negocios, debido a que este sector axuda ao mantemento da economía local, ao fomento da empatía e a solidariedade. En definitiva, crea sociedades máis fortes e cohesionadas, con maior capacidade para actuar.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra aprobou un Plan de Reactivación con motivo da pandemia COVID-19 coa finalidade de fortalecer e impulsar a actividade de sectores estratéxicos da nosa provincia prestando especial atención ao produto e comercio local. Dito Plan centrouse en tres tipos de actuacións: asesorar e mellorar as habilidades dixitais dos pequenos negocios (especialmente o comercio e hostalaría), fomentar o consumo no comercio local, así como os produtos de km 0 e reparto de material publicitario nos municipios de menos de 20.000 habitantes.

A execución deste plan pon sobre a mesa a necesidade de reforzar e actuar de modo específico nos municipios de menos de 5.000 habitantes onde factores como a dispersión xeográfica, a falta de relevo xeracional no pequeno comercio ou a brecha dixital fan necesario realizar unha actuación marco de cara a dar resposta ás necesidades específicas deste sector neses municipios seguindo os retos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) do Goberno de España. E, por iso, tendo en conta as convocatorias publicadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Deputación de Pontevedra desenvolveu o proxecto “Da túa man” dirixido a municipios de menos de 5.000 habitantes.



Este proxecto non xorde de modo illado, senón como actuación complementaria á labor emprendida de apoio ao comercio local pola Deputación de Pontevedra que, seguindo o PRTR, deseñou outros dous proxectos, Commerce Inside en zonas turísticas e Da túa man cunha liña para municipios entre 5.000 e 15.000 habitantes, que foron aprobados na convocatoria de 2021 de apoio ao comercio polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e actualmente están implementándose.

O 5 de xullo de 2022 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 160 o Extracto da Resolución da Secretaría de Estado de Comercio de 30 de xuño de 2022, pola que se aproba a convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cuxas bases reguladoras recóllense na Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro (BOE núm. 218 de 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/566/2022 de 15 de xuño (BOE núm. 148 de 22 de xuño de 2022) e a Orde ICT/185/2023 de 22 de febreiro (BOE núm. 49 de 27 de febreiro de 2023). As axudas que se financian conforme a esta Orde enmárcanse na inversión 4.2.2, apoio ao comercio, do compoñente 13, impulso á Pyme, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto “Da Túa Man” (rural) á citada convocatoria, que ten as seguintes características:

O obxectivo global do proxecto é visibilizar e modernizar ao pequeno comercio local adaptándoo aos novos hábitos de consumo a través da implantación e uso das novas tecnoloxías e o desenvolvemento de prácticas que promovan a economía circular (redución na creación de residuos, promoción da reciclaxe e reutilización dos residuos) así como unha mellora no acondicionamento dos espazos que sirva para ofrecer un servizo óptimo á poboación local e de foco de atracción de visitantes.

Así mesmo, preténdese crear vínculos en toda a cadea de valor do comercio local e o produto de km 0 para impulsar unha estratexia común implicando ás comunidades locais e da man dos Concellos e a Deputación de Pontevedra aproveitando as potencialidades e recursos endóxeos (produtos locais, culturais e turísticos) destes termos municipais para favorecer a empregabilidade e permanencia dos veciños no territorio.

Co devandito obxectivo, preténdese poñer en marcha unha Plataforma B2B (“Business to Business”) para a captación, tutorización, dinamización, visibilización e formación e sensibilización dos axentes que compoñen o comercio local cos produtores locais e provedores de servizos afíns para a creación dunha rede de comercio local.

Dadas as características dos traballos a levar a cabo o servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local non dispón dous medios materiais e humanos adecuados para a realización e cumprimento dos traballos definidos no obxecto do contrato; ao tratarse de traballos que requiren de persoal especializado e con experiencia na súa realización, ou que implica un perfil profesional do que non dispónse suficientemente en estrutura, especialmente cuantitativamente.



Non obstante o anterior, aínda que a Deputación de Pontevedra dispón dun servizo de Novas Tecnoloxías, os traballos tecnolóxicos a desenvolver no ámbito do obxecto do contrato non poden ser levados a cabo polo servizo.

A vista de todo o exposto o Presidente formulou providencia de inicio para a contratación do servizo de implantación, dinamización e mantemento dunha plataforma B2B dentro do proxecto “Da túa man” (rural) aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio a actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de recuperación transformación e resiliencia (PRTR) financiado pola UE -Next Generation.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Asemade, na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, xustifícase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo e de servizo, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto non suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Visto que pola intervención infórmase que na aplicación 23/240.4315.641.00 (proxecto gasto 92310001-Da túa man no rural) do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto e así mesmo que no que respecta ás anualidades 2024 (178.247,52 € e 3.484,80 € para implantación e 7.598,10 € para mantemento-6 meses), 2025 (15.196,20 €-mantemento), 2026 (15.196,20 €-mantemento) e 2027 (11.397,13 € para mantemento-9 meses), contabilizaranse nas correspondentes aplicacións que serán, no seu caso, a 24/240.4315.641.00, 24/240.4315.227.99, 25/240.4315.227.99, 26/240.4315.227.99 e 27/240.4315.227.99 dos correspondentes exercicios, emitíndose os correspondentes documentos RC fut.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 25/08/2023 e así mesmo o informe complementario emitido polo Xefe do Servizo de Promoción de emprego con data 28/08/2023 mediante o que se da resposta as observacións postas de manifesto no informe da Secretaría.

Visto o informe emitido pola intervención con data 15/09/2023 polo que se informa favorablemente o expediente e se pon de manifesto que “... en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/ 55/ 2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA”.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do servizo de implantación, dinamización e mantemento dunha plataforma B2B dentro do proxecto “Da túa man” (rural) aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio a actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de recuperación transformación e resiliencia (PRTR) financiado pola UE -Next Generation.

2.-Autorizar o gasto polos importes e con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo co seguinte detalle:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|---|-------------------------|------------------------|
| 2023 Implantación: Rede de comercio minorista, produtores locais e provedores | 23/240.4315.641.00 | 20.192,48 € |
| 2024 Implantación: Rede de comercio minorista, produtores locais e provedores | 24/240.4315.641.00 | 178.247,52 € |
| 2024 Implantación: Sensibilización y formación | 24/240.4315.227.99 | 3.484,80 € |
| 2024 Mantemento (6 meses) | 24/240.4315.227.99 | 7.598,10 € |
| 2025 Mantemento (12 meses) | 25/240.4315.227.99 | 15.196,20 € |
| 2026 Mantemento (12 meses) | 26/240.4315.227.99 | 15.196,20 € |
| 2027 Mantemento(9 meses) | 27/240.4315.227.99 | 11.397,13 € |

Os importes correspondentes aos anos 2024, 2025, 2026 e 2027 quedan condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) PGNF8GFMR0L7FJ9T e o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV) NS9NWJVLZXS1GUG.

4.- Nomear persoa responsable do contrato a Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local coa asistencia o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación do contrato no Perfil do contratante.



5.32981.- APROBACIÓN DO CANON ANUAL 2023 DA “CONCESIÓN DEMANIAL DA RESIDENCIA DO COMPLEXO DO PAZO DE SOUTOMAIOR”. (Expte.2023052019)

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do 18 de marzo de 2009, adxudicou o contrato de concesión demanial da residencia do complexo do Pazo de Soutomaior á empresa Ramysan Restauración S.L. (CIF: B-27.721.968) para dedicalo a establecemento de hostalaría, por un período inicial de quince (15) anos e un canon anual de 118.320,00 €/ano, actualizable anualmente segundo variacións porcentuais que experimente o índice de prezos ó consumo (IPC) nos doce meses inmediatos anteriores

Resultando que a Xunta de Goberno, en sesión do 1 de xullo de 2022 aprobou o canon anual da concesión correspondente ó exercicio 2022 (actualizado en función da variación do IPC do exercicio 2021) por importe total de 143.505,98 €.

Resultando que o técnico adxunto á xefatura de Contratación, Facenda e Patrimonio a través de escrito de data 01/08/2023 (CSV: ZGXWML536GZAMCA4), que conta coa dilixencia de fiscalizado e conforme da Viceinterventora, informa o seguinte:

“(…) O canon correspondente ó exercicio 2023 será o resultado de actualizar o canon 2022 en función da variación do IPC nos doce meses anteriores (decembro 2021-decembro 2022), resultando o importe seguinte:

| Canon 2022 | variación IPC (dec. 2021-dec. 2022) | Canon 2023 (actualizado IPC 2022) |
|--------------|--|--------------------------------------|
| 143.505,98 € | +5,7 % ⁽¹⁾ | 151.685,82 |

(1) fonte: “Variación del Índice General Nacional según el sistema IPC base 2021 desde Diciembre de 2021 hasta Diciembre de 2022” - Instituto Nacional de Estadística: <https://www.ine.es/uc/hm7Wj3YM>

Polo exposto, o canon anual da concesión correspondente ó exercicio 2023 (actualizado en función da variación do IPC do exercicio 2022) ascende a un importe de 151.685,82 €, de acordo co cálculo indicado no presente informe”.

Considerando que o acordo de adxudicación da concesión demanial da residencia do complexo do pazo de Soutomaior foi adoptado pola Xunta de Goberno en sesión do 18/03/2009, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o canon anual 2023 da concesión demanial da residencia do complexo do Pazo de Soutomaior (actualizado en función da variación do IPC do 2021) por importe total de 151.685,82 €, co detalle seguinte:

| Canon 2022 | variación IPC (dic 2021-dic 2022) | Canon 2023 (actualizado IPC 2022) |
|--------------|--------------------------------------|--------------------------------------|
| 143.505,98 € | +5,7 % ⁽¹⁾ | 151.685,82 |

Segundo.- requirir á empresa Ramysan Restauración S.L. (CIF: B-27.721.968) para que efectúe o pagamento do canon anual 2023 por importe de 151.685,82 € na Tesourería da Deputación de Pontevedra.



6.32982.- APROBACIÓN DUNHA PRÓRROGA EXTRAORDINARIA DOS CATRO LOTES DO CONTRATO DE “SERVIZO DE EXECUCIÓN DO CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS CONTRATADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2018009509)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 6 de setembro do 2019, adxudicou o contrato de “*Servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra*”, de acordo ao seguinte detalle:

- Lote 1 (Zona Norte) a favor da empresa CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L. (NIF: B-15.393.689) polos seguintes prezos e valores:
 - Porcentaxe ofertada de baixada lineal sobre os prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas: 34,67 %
- Lote 2 (Zona Centro) a favor da empresa ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. (NIF: A-27.812.627) polos seguintes prezos e valores:
 - Porcentaxe ofertada de baixada lineal sobre os prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas: 35,00 %
- Lote 3 (Zona Sur) a favor da empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. (NIF: B-85.097.962) polos seguintes prezos e valores:
 - Porcentaxe ofertada de baixada lineal sobre os prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas: 29,50 %
- Lote 4 a favor da empresa ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. (NIF: A-27.812.627) polos seguintes prezos e valores:
 - Porcentaxe ofertada de baixada lineal sobre os prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas: 34,00%

Os catro lotes do contrato entraron en vigor o día 1 de outubro do 2019, data da súa formalización, cun prazo de duración de un ano, e a posibilidade de tres prórrogas anuais, conforme ao establecido na cláusula 4 do prego administrativo.

As referidas prórrogas aprobáronse mediante acordos da Xunta de Goberno, adoptados, en sesión ordinaria, os días 11 de setembro de 2020, 20 de setembro de 2021, e 9 de setembro de 2022, resultando o día 30 de setembro do 2023 como data de vencemento deste contrato.

Visto que, con data 6 de marzo do 2023, o xefe do servizo de Infraestruturas e Vía Provinciais e a xefa do servizo de Arquitectura, co visto e prace do deputado delegado, propón a nova contratación, mediante acordo marco, do *servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial de Pontevedra*, ao que se lle asigna o número de expediente 2023010892.



Tendo en conta que, con data 1 de setembro do 2023, o xefe do servizo de Contratación informa o seguinte: “(...) Terceiro: Como consecuencia do fin do mandato da anterior Corporación, déronsele prioridade á finalización dos proxectos que estaban en marcha, e isto xunto coa reestruturación e organización interna que conleva unha nova corporación, non permitiu axustar os tempos entre a finalización do contrato vixente e a formalización do futuro contrato; o que podería provocar estar un período de tempo sen contrato nunha materia tan delicada como o control de calidade das obras.

Ditas circunstancias motivan a necesidade de acudir, en tanto non se adjudique o novo contrato, á prórroga prevista no artigo 29.4 da LCSP, co obxecto de garantir a continuidade do servizo, por razóns de interese público, xa que os servizos ofrecidos son esenciais para o correcto desenvolvemento das obras da Deputación.

No en tanto, visto que, polos motivos expostos, non é posible cumprir a premisa de ter publicado o anuncio de licitación do novo contrato cunha antelación mínima de tres meses, considérase que a prórroga do contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato, precisará neste caso a conformidade das empresas contratistas.

Asemade, realizaríase polo tempo imprescindible para levar a cabo a nova contratación, estimándose nun máximo de catro meses fronte aos nove previstos na LCSP.

Cuarto: Na actualidade, a execución do contrato, nos catro lotes, vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte das empresas contratistas que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

Por todo o exposto, propónse acudir, previa conformidade das empresas contratistas, á prórroga extraordinaria prevista no artigo 29.4 da LCSP, co obxecto de garantir a continuidade do servizo, por razóns de interese público, xa que os servizos ofrecidos son esenciais para o correcto desenvolvemento das obras da Deputación.

A prórroga a acordar, no seu caso, polo órgano de contratación, comprenderá o período que vai desde o 1 de outubro de 2023, ata que se formalice e comece a execución do novo contrato de “Servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra”, que se está a tramitar mediante procedemento aberto, co número de expediente 2023010892, ou, en todo caso, ata o 30 de xaneiro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.”

Tendo en conta que, con data 1 de setembro do 2023, o xefe do servizo de Contratación solicita a conformidade das empresas contratistas, e que, con data 4 e 5 de setembro de 2023, ENMACOSA CONSULTORIA TÉCNICA, S.A. (NIF: A-27.812.627) CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L. (NIF: B-15.393.689), e EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. (NIF: B-85.097.9629), presentan na sede electrónica da Deputación de Pontevedra escrito no que manifestan a súa conformidade coa prórroga proposta nos respectivos lotes (Rexistros entrada WEB2023051465, WEB2023051468, WEB2023051471, e WEB2023051873).

Tendo en conta que, con data 13 de setembro do 2023, a Secretaría Xeral presta conformidade ao informe proposto de prórroga, emitido polo servizo de Contratación, con data 1 de setembro de 2023.



Tendo en conta o informe da Intervención, de data 18 de setembro de 2023, que conclúe o seguinte:

“Este informe ten carácter desfavorable no que atinxe ao incumprimento da publicación do anuncio de licitación do novo contrato no prazo mínimo de 3 meses recollido na vixente lexislación. Non obstante, é positivo e non ten carácter suspensivo, ao tratarse dun contrato ponte polo tempo imprescindible, no que prevalece o interese público e no que consta que as empresas adxudicatarias presentan compromiso de manter os prezos e demais condicións contractuais.”

Tendo en conta o artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cando ao vencemento dun contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato publicouse cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario ou, tratándose dun contrato baseado nun acordo marco ou un contrato específico no marco un sistema dinámico de adquisición, enviáronse as invitacións a presentar oferta do novo contrato baseado ou específico polo menos quince días antes da finalización do contrato orixinario.

Visto que, non sendo posible cumprir a premisa de ter publicado o anuncio de licitación do novo contrato cunha antelación mínima de tres meses, polos motivos expostos no informe do servizo de Contratación, recadouuse a conformidade das empresas contratistas.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a prórroga dos catro lotes do contrato de *“Servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra”* (Expte. 2018009509), subscritos coas empresas CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L. (NIF: B-15.393.689; lote 1), ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. (NIF: A-27.812.627, lotes 2 e 4) e EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. (NIF: B-85.097.9629; lote 3) polo período que vai desde o 1 de outubro de 2023, ata que se formalice e comece a execución do novo contrato de *“Servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra”*, que se está a tramitar mediante procedemento aberto, co número de expediente 2023010892, ou, en todo caso, ata o 30 de xaneiro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



2. Autorizar o gasto polo importe máximo de 100.000,00 €, que financiarase con cargo ás aplicacións correspondentes das respectivas obras, conforme á seguinte distribución:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|-------------------------|------------------------------|------------------------|
| 2023 (outubro-decembro) | A correspondente a cada obra | 75.000,00 € |
| 2024 (xaneiro) | A correspondente a cada obra | 25.000,00 € |

O importe correspondente ao control de calidade será retido ás empresas contratistas nas certificacións de obra expedidas, aplicándose a retención correspondente sobre o orzamento de execución material de cada certificación (mínimo 1% e máximo 3%).

As obrigas derivadas deste expediente financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, dentro do proxecto de gasto da respectiva obra.

Respecto ó gasto da anualidade 2024, quedará ademais condicionado á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

- 7.32983.- ACEPTACIÓN DE SOLICITUDE DA EMPRESA ARTES GRÁFICAS JADEF, S.L., PARA PARTICIPAR NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN CONVOCADO PARA CONTRATAR OS “SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS”.
 (Expte. 2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.



Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 14 de outubro de 2022, acordou admitir á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) nas categorías I e II do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material. O referido contrato formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) con data 14 de novembro de 2022 e con efectos desde o 15 de novembro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023.

No obstante, a Xunta de Goberno do 26 de maio de 2023 acordou excluír por abandono á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) do sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra, ao non presentar oferta aos cinco últimos contratos específicos.

Solicitada novamente a súa inclusión no sistema dinámico, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada día 14 de setembro de 2023, procedeu cualificación e avaliación da documentación presentada no sobre electrónico de solicitude de adhesión da empresa e acordou seleccionar á Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:
 - Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexas 79800000-2 Servizos de encadernación e acabado de libros 79971000-1.
 - Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6 Servizos de encadernación e acabado de libros 79971000-1.



2. A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo á empresa licitadora.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizado o contrato de adhesión.

A data de comezo indicárase no documento de formalización e estará en vigor ata o 31 de decembro de 2023.

Establécese a posibilidade de dúas prórroga cunha duración dun ano.

Unha vez aceptada a proposta anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

- Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780)
- Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469)
- Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846)
- Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871)
- Tórculo Comunicación Gráfica S.A (CIF: A15056393)
- Grafo, S.A. (CIF: A48203996)
- Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)

8.32984.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “URBANIZACIÓN DE RÚAS NO NÚCLEO DE OUTEIRO”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021, CONCELLO DE FORCAREI (Expte.2021017809)

Consta no expediente incoado co núm. 2021017809, o informe da xefa do servizo de cooperación que di como segue:

“ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.



- *Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.8.30567, de 16/07/2021, concedeuse ao Concello de Forcarei, no marco do Plan Concellos 2021, unha subvención por importe de 118.979,40 euros con destino ao financiamento do investimento “Urbanización de rúas no núcleo de Outeiro” (Expte.:2021017809), cun orzamento polo mesmo importe, correspondendo 110.613,68 euros a execución material e 8.365,72 euros a honorarios técnicos.*
- *En data 30/06/2023, con núm. WEB2023041112 ten entrada no rexistro da Deputación, instancia do Concello de Forcarei no que adxunta o proxecto modificado do investimento mencionado no parágrafo anterior. A modificación ven motivada polo aumento dos rúas que se van a pavimenta, así como por cambios nos acabados das pavimentacións, tal e como se detalla no informe xustificativo da dirección de obra.*
- *A obra foi adxudicada por 108.898,79 euros, dando lugar a unha baixa de adxudicación de 1.714,89 euros.*
- *O novo orzamento de execución material, a prezo de adxudicación, ascende a 121.991,61 euros e a entidade municipal remite escrito solicitando que a baixa de adxudicación (1.714,89 euros) se destine ao financiamento do proxecto modificado. A cantidade que resta será financiada con fondos propios do Concello.*
- *En data 24/08/2023, con rexistro WEB2023049975, o Concello emenda as deficiencias existentes no documento técnico, contestando ao requirimento efectuado formalmente en data 09/08/2023.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*
- *Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.*

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- *Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.*



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente:

- *Base 20ª do Plan dos Concellos 2021, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.*
- *Artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, que prevé que se poidan modificar os contratos cando se de algún dos tres supostos a), b) ou c) do seu parágrafo segundo e se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.*

CONCLUSIÓNS

A normativa en materia de subvencións reflicte como unha característica a da afección ou vinculación da axuda económica ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

A vista da definición da subvención arriba referida, ao Concello de Forcarei, ao abeiro do Plan Concellos 2021, concedéuselle unha subvención, por importe de 118.979,40 euros co obxecto do financiamento do investimento “Urbanización de rúas no núcleo de Outeiro” (Ref. 2021017809), no que se tivo en conta un proxecto polo mesmo importe (110.613,68 euros de execución obra e 8.365,72 euros de asistencia técnica) que no momento da concesión se estimou acaído e suficiente para deducir a súa adecuación á convocatoria do Plan Concellos 2021.

Considerando que, unha vez adxudicada a obra no importe de 108.898,79 euros e iniciados os traballos, ponse de manifesto a necesidade de modificar o proxecto orixinal co fin de darlle unha solución xusta ás demandas formuladas pola veciñanza dentro da finalidade da subvención.

As modificacións propostas supoñen unha variación no orzamento do proxecto e no prezo de adxudicación do 12,02%. Deste modo, o orzamento de adxudicación pasa a importar 121.991,61 euros, o que representa un incremento de 13.092,82 euros con respecto ao prezo establecido inicialmente. Deste incremento 1.417,26 euros serán financiados contra a baixa acadada na adxudicación do contrato e o importe que resta, é dicir, 11.675,56 euros serán financiados polo concello.

Polo que respecta á subvención outorgada pola Deputación, esta permanece invariable en 118.979,40 euros, pero desde a perspectiva porcentual e a causa do incremento do prezo, a subvención agora financia 91,27% do custe do investimento.



Visto que o proxecto modificado non altera o obxecto da subvención concedida ; que este se presenta antes de que remate o prazo de execución e xustificación das obras acollidas no Plan Concellos 2021 e que co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.

Visto que o facultativo técnico de Cooperación, en data 08/09/2023, emitiu informe favorable das actuacións descritas no novo proxecto técnico.

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, INFORMO FAVORABLEMENTE E PROPOÑO:

1.- Que se autorice o proxecto modificado da actuación “Urbanización de rúas no núcleo de Outeiro” (Expte.:2021017809), cun orzamento modificado, a prezo de adxudicación, por importe de 130.357,33 euros (121.991,61 euros de execución material e 8.365,72 euros de honorarios técnicos).

2.- Que a baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 1.417,26 euros, se aplique no financiamento do proxecto modificado.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido nas Bases Específicas de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á xunta de goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.”

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e visto o informe favorable da intervención provincial, de data 14/09/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

– Autorizar o proxecto modificado do investimento “Urbanización de rúas no núcleo de Outeiro” (Expte.2021017809), incluído no Plan Concellos 2021.

O proxecto modificado, que non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin o importe da subvención concedida, implica unha variación no orzamento do proxecto e no prezo de adxudicación do 12,02%.

– Autorizar o emprego da baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 1.417,26 €, no financiamento do proxecto modificado. Mais, o concello terá que asumir o financiamento do importe de 11.675,56 €.

– Lembrar que, ao teor do recollido no acordo do Pleno desta Deputación núm. 4.7875, de 28/10/2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), o investimento “Urbanización de rúas no núcleo de Outeiro” (Expte. 2021017809), terá que estar executado a 30/09/2023 e xustificado a 31/10/2023.

– Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Forcarei*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.32985.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “MELLORA PEONIL (FASE I) EN RÚAS DA CONTORNA DO PARQUE DE VENEZUELA E CENTRO SAÚDE EN SOUTELO DE MONTES”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADES 2022-2023), DO CONCELLO DE FORCAREI (Expte. 2022011585)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.31826 de data 10/06/2022, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 437.795,37 euros ao *concello de Forcarei* co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora peonil (Fase I) en rúas da contorna do Parque Venezuela e Centro Saúde en Soutelo de Montes*” (expediente: 2022011585), cun orzamento polo mesmo importe, distribuído en dúas anualidades (34.238,28 euros correspondente á anualidade 2022 e 403.557,09 euros correspondente á anualidade 2023), condicionada a resolución favorable do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- En data 06/09/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2023052119, emendado en data 08/09/2023 con rexistro WEB2023052481, instancia do *concello de Forcarei* na que manifesta a necesidade de que sexa autorizado un modificado do proxecto debido os condicionantes que lle impón a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Neste contexto, o *Concello* achega o proxecto modificado aprobado, adaptado os condicionantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o que non supón variación no importe inicial do orzamento e non alterar o importe da subvención inicialmente concedida que importan 437.795,37 € (34.238,28 € correspondente á anualidade 2022 e 403.557,09 € correspondente á anualidade 2023).
- O *Concello* solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento poida ser executado e xustificado nos termos establecidos polo concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación..

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Base 20ª do Plan Concellos 2022-2023 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e pola Deputación. Non obstante, só se admitirán a trámite modificados que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE excluído.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 11/09/2023, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 11/09/2023, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 14/09/2023 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado do investimento “*Mellora peonil (fase I) en rúas da contorna do Parque de Venezuela e centro saúde en Soutelo de Montes*”, incluído no Plan Concellos 2022-2023 (anualidades 2022/2023) do concello de Forcarei (expediente: 2022011585), cun orzamento de execución de contrata polo importe de 407.012,88 €, IVE incluído, e 30.782,49 € de honorarios (13.681,11 € de redacción do proxecto, 13.681,11 € de dirección de obra e 3.420,27 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido; o que supoñe un orzamento total por importe de 437.795,37 €; quedando o cadro do financiamento do devandito investimento tal e como se reflicte deseguido:

| Anualidade | Orzamento Modificado | Subvención | Achegas Doutras Administracións/Fondos Propios |
|------------|----------------------|------------|--|
| 2022 | 34.238,28 | 34.238,28 | 0,00 |
| 2023 | 403.557,09 | 403.557,09 | 0,00 |
| TOTAL | 437.795,37 | 437.795,37 | 0,00 |

- Dar por cumprida a condición da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade en materia de protección do patrimonio cultural.
- O proxecto modificado non altera o orzamento nin a finalidade pretendida, non implica variación da subvención outorgada e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Forcarei*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.32986.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN RÚA LAMEIRIÑAS Á PRAZA DE CIMADEVILA, CAMIÑO DE SANTIAGO, TRAMO 2”, E REINVERSIÓN DA BAIXA DE ADXUDICACIÓN, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022/2023), CONCELLO DE SOUTOMAIOR (Expte.2022010715)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das “*Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*”, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de



2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, núm.6.31854, de data 17/06/2022, concedeuse ao *Concello de Soutomaior* no marco do Plan Concellos 2022-2023, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 286.208,15 € con destino ao financiamento do investimento “*Humanización Rúa Lameiriñas á Praza de Cimadevila, Camiño de Santiago, Tramo 2*” (Expte.2022010715), cun orzamento de 286.208,15 €, desagregado en orzamento de execución por contrata por importe de 269.268,15 € e honorarios de reacción proxecto, dirección e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 16.940,00 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022 | 50.921,30 | 50.921,30 | 0,00 | 0,00 |
| 2023 | 235.286,85 | 235.286,85 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL | 286.208,15 | 286.208,15 | 0,00 | 0,00 |

A concesión da subvención quedou condicionada á presentación da autorización sectorial da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade en materia de Patrimonio Cultural, así como o acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (anexo III).

En data 18/05/2023, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación (WEB2023032725), instancia xenérica do Concello de Soutomaior na que solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento “*Humanización Rúa Lameiriñas á Praza de Cimadevila, Camiño de Santiago, Tramo 2*”; o proxecto modificado implica variación no importe do orzamento de adxudicación que pasa de 245.572,55 € a 278.727,61 €, o que supoñe un incremento de 33.155,06 €.

En datas posteriores O Concello achega a autorización de Patrimonio Cultural e a acta de trazado previo (Anexo III) e comunica que o incremento do prezo do contrato (33.155,06 €) se financiará con cargo á baixa de adxudicación (23.695,60 €) e o importe restante con fondos propios municipais (9.459,46 €).

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 20ª do Plan Concellos 2022-2023; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 20/06/2023.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Base 20ª do Plan dos Concellos 2022-2023, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Admitiranse a trámite modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa no financiamento do proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do



facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 20/06/2023, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 29/08/2023, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 31/08/2023 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado e de execución do investimento “*Humanización rúa Lameiriñas á Praza de Cimadevila, Camiño de Santiago, tramo 2*” incluído no Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022/2023), Concello de Soutomaior (Expte.2022010715), cun orzamento de adxudicación por importe de 278.727,61€. O importe total do investimento contempla os honorarios de reacción proxecto, dirección e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 16.940,00 €, o que supoñe un orzamento total por importe de 295.667,61 €; quedando o cadro do financiamento do devandito investimento tal e como se reflicte deseguido:

| Anualidade | Orzamento modificado € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|------------------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022 | 52.604,30 | 50.921,30 | 0,00 | 0,00 |
| 2023 | 243.063,31 | 235.286,85 | 0,00 | 9.459,46 |
| TOTAL | 295.667,61 | 286.208,15 | 0,00 | 9.459,46 |

- Dar por cumprida a condición á que someteu a concesión da subvención ao achegar o concello a autorización sectorial da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade en materia de Patrimonio Cultural, así como a acta de trazado previo (Anexo III) e o acordo de aprobación do proxecto.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Soutomaior*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.32987.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.(Expte.2023059510)

Vista a relación de facturas con número 2023059510, que contén 9 facturas e por un importe de 19.760,75 € e con CSV: HMSQ7HPG3SQDMPB8, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 15/09/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|--|------------|
| Importe total..... | 19.760,75€ |
| Descontos do IRPF..... | 0,00 € |
| Descontos do IVE soportado deducible..... | 0,00 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 € |
| Outros descontos..... | 0,00 € |
| Total líquido..... | 19.760,75€ |



12.32988.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DUNHA ENTIDADE E ADXUDICACIÓN DE 1 OBRADOIRO A UNHA ASOCIACIÓN DA LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA “DEPO EN MARCHA 2023”.(Expte.2022063047)

1º.- Por Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 5 de maio de 2023, número 4.32607, aprobouse a adxudicación dos obradoiros ás entidades de maiores, xubilados e pensionistas e outras entidades da provincia de Pontevedra, no marco do Programa “*Depo en marcha 2023*”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 130, así como a relación de entidades en lista de espera son un total de 91. O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 91 de 12 de maio de 2023, e nesa mesma data na páxina web.

Os Anexos figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: VHTCKDQRM6WOWI3I e VE065LNTMSNWV16G, respectivamente.

2º.- Segundo se recolle no apartado 10) do Acordo de adxudicación, “O prezo unitario por obradoiro é de 1.122,43 euros (IVE incluído), polo que a adxudicación de 130 actividades formativas ascende a un total de 145.915,90 euros con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.”

3º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 4 de agosto de 2023, adopta o Acordo número 5.32874, polo que se aceptan dúas renuncias, se produce a adxudicación de dous obradoiros, a subsanación de erros e a modificación da lista de espera do programa.

4º.- Con data 8 de setembro de 2023, e número de rexistro WEB2023052363, presenta renuncia ao programa a *Asociación de Vecinos Alvedosa*, con NIF número G-36.367.621 e có número de expediente 2023010635, debido á falta de interese dos veciños para participar no obradoiro de bailes de salón adxudicado.

5º.- A renuncia da *Asociación de Vecinos de Alvedosa* permite que se poida adxudicar un obradoiro a unha nova asociación.

No primeiro posto da actual lista de espera do programa (CSV: 5TUPHOQSBUDJTAIF) figura a seguinte entidade:

| Nº | EXPTE | NIF/CIF | ENTIDADE | OBRADOIRO |
|----|------------|-----------|----------------------------|-----------|
| 1 | 2023011396 | G36260511 | ASOC DE VECINOS DE PINTENS | PILATES |

6º.- Con data 15 de setembro de 2023, Intervención emite dilixencia de “*fiscalizado e conforme*” respecto do informe proposta para a aceptación da renuncia presentada pola entidade *Asociación de Veciños Alvedosa* e a adxudicación dun obradoiro á *Asociación de Veciños de Pinténs*, emitido pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude (CSV: WB9FYRN7XWMTWJN8), de data 13 de setembro de 2023.

A Xunta de Goberno é o órgano competente para a súa aprobación, de acordo co establecido na base 14.1 da convocatoria.



Normativa aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Bases do programa Depo en Marcha 2023.

De acordo co exposto, e ao abeiro do establecido nas Bases Reguladoras do programa “Depo en Marcha” 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro- Aceptar a renuncia presentada pola Asociación de Veciños Alvedosa, con NIF número G36.367.621 (expediente nº 2023010635).

Segundo- Adxudicar 1 obradoiro á *Asociación de Vecinos de Pinténs* (con NIF número G-36.260.511 e número de expediente 2023011396), segundo a orde da lista de agarda.

13.32989.- APROBACIÓN DE DIVERSAS CERTIFICACIÓNS DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS PARA O USO TÉRMICO DA BIOMASA NOS CONCELLOS DE CANGAS, A CAÑIZA, PORTAS, REDONDELA, TOMIÑO E VILABOA, CORRESPONDENTE CO EXPEDIENTE FEDER -EELL-2020-004535 “INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLES I” DO IDAE FINANCIADO NUN 80% POR FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020 POLO PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS. (Expte.2022058096)

Por acordo da Xunta de Goberno nº 20.32398 de data 10/03/2023, adxudícase a empresa GRUNDILA SL. (B32323370) os lotes número 1,2,3,4,5 e 6 das obras de renovación das instalacións para o uso térmico da biomasa nos *Concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa* correspondente co expediente FEDER -EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostibles I” do I.D.A.E. financiado nun 80% por feder a través do P.O.C.S. 2014-2020 (Expte. 2022058096), por 415.553,93 €.

Unha vez realizadas as obras, a empresa. GRUNDILA SL. (B32323370) presentou, para a súa tramitación e pago, as seguintes certificacións de obra:

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 1 “ INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE NO CONCELLO DE CANGAS”

O lote nº 1, “Instalacións de biomasa sostibles”, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) , por importe total con IVE de 105.346,60 €



Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto- Instalacións de biomasa sostibles - Substitución de caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no Pavillón Municipal de Cangas por importe de 5.547,06 €”, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYWSLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”

Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|-------------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 5.547,06 € |
| SUBTOTAL | | 5.547,06 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 154,10 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 42,33 € |
| Total descontos | Id. | 196,43 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 5.350,63 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 2 “ INSTALACIÓN S DE BIOMASA SOSTIBLE NO CONCELLO DE A CAÑIZA”

O lote nº 2, “Instalacións de biomasa sostibles”, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) , por importe total con IVE de 58.243,96€.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Instalacións de biomasa sostibles-Substitución de bomba de calor e radiadores eléctricos por estufas de pellets en edificios municipais (centro cultural de Cebreiro, centro cultural de Couto, tanatorio de Couto, consultorio médico Valeixe, biblioteca Valeixe, casa da ermandade Valeixe, tanatorio de Luneda, tanatorio de Petán, tanatorio de Deva, antigo colexio de O Feirón, antigo colexio de Petán, casa cultura, cafetería e centro cultural Pateiro) do concello de A Cañiza” por importe de 7.552,59 €”, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYWSLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto



debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”

Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 7.552,59 € |
| SUBTOTAL | | 7.552,59 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 209,81 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 55,26 € |
| Total descontos | Id. | 265,07 € |
| TOTAL IQUIDO A PERCIBIR | | 7.287,52 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 3 “ INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE- 3.1 SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRA DE GAS POR CALDEIRA DE BIOMASA, DEPOSITO DE INERCIA E EXECUCIÓN DE SILO NO ALBERGUE DO CONCELLO DE PORTAS”

O lote nº 3, “ Instalacións de biomasa sostible no concello de Portas”, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) por importe total con IVE de 111.135,22€.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 3.1.- Instalacións de biomasa sostibles- Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no albergue de Portas” por importe de 1.113,61 €, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYW/SLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|-------------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 1.113,61 € |
| SUBTOTAL | | 1.113,61 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 30,94 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 8,50 € |
| Total descontos | Id. | 39,44 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 1.074,17 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 3 “ INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE- 3.2 SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRA DE GASOLEO POR CALDEIRA DE BIOMASA, DEPOSITO DE INERCIA E EXECUCIÓN DE SILO EN CAMPO DE FÚTBOL DO CONCELLO DE PORTAS”

O lote nº 3, “ Instalacións de biomasa sostible” no *concello de Portas*, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) por importe total con IVE de 111.135,22 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 3.2.- Instalacións de biomasa sostibles- Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no campo de fútbol de Portas” por importe de 1.100,52 €, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYWSLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 1.100,52 € |
| SUBTOTAL | | 1.100,52 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 30,57 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 8,40 € |
| Total descontos | Id. | 38,97 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 1.035,20 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 3 “ INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE- 3.3 SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRA DE GASOLEO POR CALDEIRA DE BIOMASA, DEPOSITO DE INERCIA E EXECUCIÓN DE SILO NO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PORTAS”

O lote nº 3, “ Instalacións de biomasa sostible” no *concello de Portas*, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) por importe total con IVE de 111.135,22 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 3.3.- Instalacións de biomasa sostibles- Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no pavillón municipal de Portas” por importe de 2.722,98 €, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYWSLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|-------------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 2.722,98 € |
| SUBTOTAL | | 2.722,98 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 75,64 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 20,78 € |
| Total descontos | Id. | 96,42 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 2.626,56 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 4 “ INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE- 4.1 SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRA DE GASOLEO POR CALDEIRA DE BIOMASA, DEPOSITO DE INERCIA E EXECUCIÓN DE SILO NO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE REDONDELA”

O lote nº 4, “ Instalacións de biomasa sostible”, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) por importe total con IVE de 105.290,88 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 4.1.- Instalacións de biomasa sostibles- Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no pavillón municipal de Redondela” por importe de 5.995,68 €, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYW.SLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 5.995,68 € |
| SUBTOTAL | | 5.995,68 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 166,56 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 45,76 € |
| Total descontos | Id. | 212,32 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 5.783,36 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 4 “ INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE- 4.2 SUBSTITUCIÓN DE CALDEIRA DE GASOLEO POR CALDEIRA DE BIOMASA, DEPOSITO DE INERCIA E EXECUCIÓN DE SILO NA CASA DA CULTURA DO CONCELLO DE REDONDELA”

O lote nº 4, “ Instalacións de biomasa sostible”, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) por importe total con IVE de 105.290,88 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 4.2.- Instalacións de biomasa sostibles- Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo na Casa da Cultura de Redondela” por importe de 327,53 €, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYWSLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|----------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 327,53 € |
| SUBTOTAL | | 327,53 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 9,10 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 2,50 € |
| Total descontos | Id. | 11,60 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 315,93 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 5 “ INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE DO CONCELLO DE TOMIÑO”

O lote nº 5, “ Instalacións de biomasa sostible”, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) por importe total con IVE de 37.357,06 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Instalacións de biomasa sostibles-Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no edificio de Benestar Social e policía de Tomiño” por importe de 3.271,25 €, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYW\SLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 3.271,25 € |
| SUBTOTAL | | 3.271,25 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 90,87 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 25,10 € |
| Total descontos | Id. | 115,97 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 3.155,28 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DO LOTE 6 “ INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE DO CONCELLO DE VILABOA”

O lote nº 6, “ Instalacións de biomasa sostible”, adxudicouse á empresa GRUNDILA SL. (B32323370) por importe total con IVE de 37.172,31 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “ Instalacións de biomasa sostibles-Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo no Casa do Concello de Vilaboa” por importe de 2.172,10 €, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 04/09/2023 (CSV: SO30FU7KBKYWSLGJ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que considera estes traballos como novas unidades e por tanto debería someterse ó procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A relación valorada deberá contar ademais das unidades executadas as proxectadas.”



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|-------------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 2.172,10 € |
| SUBTOTAL | | 2.172,10 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 60,34 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 16,65 € |
| Total descontos | Id. | 76,99 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 2.095,11 € |

Tendo en conta todo o que antecede, considerando o disposto no artigo 52 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta ao Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA GRUNDILA SL. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-------------------------------------|---|-------------------|
| (B32323370) | 23/942.1700.652.15.2022 23/942.1700.652.15 | 5.547,06 € |
| SUBTOTAL | | 5.547,06 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 154,10 € |
| Taxa control de calidade (1%) | Id. | 42,33 € |
| Total descontos | Id. | 196,43 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 5.350,63 € |



2.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

10.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--------------------------------------|-------------------------|-------------|
| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. | | |
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 18.050,55 € |
| SUBTOTAL | | 18.050,55 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 501,44 € |
| Total descontos | Id. | 501,44 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 17.549,11 € |



11.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|---|-------------------------|------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Secce)-Eleukon Global, S. L. U. (U72709082) | 23/942-1650-652.15.2021 | 5.874,20€ |
| SUBTOTAL | | 5.874,20 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 163,18 € |
| Total descontos | Id. | 163,18€ |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 5.711,02 € |

12.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|---|-------------------------|------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Secce)-Eleukon Global, S. L. U. (U72709082) | 23/942-1650-652.15.2021 | 7.543,67 € |
| SUBTOTAL | | 7.543,67 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 209,56 € |
| Total descontos | Id. | 209,56 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 7.334,11 € |

13.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|---|-------------------------|------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Secce)-Eleukon Global, S. L. U. (U72709082) | 23/942.1650.652.15.2021 | 6.614,76 € |
| SUBTOTAL | | 6.614,76 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 183,76 € |
| Total descontos | Id. | 183,76 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 6.431,00 € |



14.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|---|-------------------------|------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Sece)-Eleukon Global, S. L. U. | | |
| (U72709082) | 23/942-1650-652.15.2021 | 2.821,43 € |
| SUBTOTAL | | 2.821,43 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 78,38 € |
| Total descontos | Id. | 78,38 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 2.743,05 € |

15.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|---|-------------------------|-------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Sece)-Eleukon Global, S. L. U. | | |
| (U72709082) | 23/942-1650-652.15.2021 | 14.979,73 € |
| SUBTOTAL | | 14.979,73 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 416,13 € |
| Total descontos | Id. | 416,13 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 14.563,60 € |

16.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|---|-------------------------|------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Sece)-Eleukon Global, S. L. U. | | |
| (U72709082) | 23/942.1650.652.15.2021 | 8.026,32 € |
| SUBTOTAL | | 8.026,32 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 222,97 € |
| Total descontos | Id. | 222,97 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 7.803,35 € |



17.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Sece)-Eleukon Global, S. L. U. (U72709082) | 23/942-1650-652.15.2021 | 1.710,32 € |
| SUBTOTAL | | 1.710,32 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 47,51 € |
| Total descontos | Id. | 47,51 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 1.662,81 € |

18.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Sece)-Eleukon Global, S. L. U. (U72709082) | 23/942.1650.652.15.2022 | 3.253,82 € |
| SUBTOTAL | | 3.253,82 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 90,39 € |
| Total descontos | Id. | 90,39 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 3.163,43 € |

19.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|--|------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Sece)-Eleukon Global, S. L. U. (U72709082) | 23/942.1650.652.15.2021 23/942.1650.652.15.2022 | 3.243,97 € |
| SUBTOTAL | | 3.243,97 |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 90,12 € |
| Total descontos | Id. | 90,12 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 3.153,85 € |



20.- Aprobar a certificación 4 e última, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|---|-------------------------|---------------------|
| UTE Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S. A. (Secce)-Eleukon Global, S. L. U. (U72709082) | 23/942.1650.652.15.2021 | 154.658,93 € |
| SUBTOTAL | | 154.658,93 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 4.296,38 € |
| Total descontos | Id. | 4.296,38 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 150.362,55 € |

21.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e a empresa adjudicataria

15.32991.- SUSPENSIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “DIXITALIZACIÓN E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ZONA SUROESTE DA PLANTA PRIMEIRA DO PAZO PROVINCIAL”. (Expte. 2021053050)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/07/2023 acordou adjudicar á empresa *Deseño Enxeñería e Xestión de Obras, S.L.*, (CIF B94129368), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial*” por un importe de 560.625,00 € IVE incluído e un prazo de execución de douscentos setenta (270) DIAS.

Resultando.- Que con data 25/08/2023 formalizouse entre o contratista e a Deputación o contrato administrativo da obra “*Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial*”.

Resultando.- Que a Directora de Obra mediante informe emitido na data 12/09/2023 que consta no expediente con CSV: IHXM7V8AIHVHGFHY, recolle que “*..Debido a que os traballos se van a executar na planta primeira do Pazo Provincial, onde actualmente están situados os servizos de Secretaría, o Servizo de Asesoría Xurídica, Protocolo e Prensa, é necesario o traslado de persoal pertencente aos centros xestores sinalados a locais alternativos onde poidan desenvolver o seu traballo de forma adecuada. Ademais, a simultaneidade dos traballos proxectados con outras obras que se están a realizar no Pazo Provincial dificultan a coordinación destes traslados, polo que o inicio da obra non está prevista dentro do prazo comprendido ata o 24 de setembro de 2023. De esta forma, por razóns organizativas dos traballos a executar, solicítase a suspensión do contrato ata o momento en que a organización do persoal permita o inicio da obra e, polo tanto, a sinatura da acta de comprobación de replanteo...*”



Resultando.- Que consta no expediente informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación con CSV: OFKBTD1BCU3XENJP, no que se recolle o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que as obras vanse levar a cabo onde actualmente están situados diversos servizos da Deputación, facéndose necesario o traslado do persoal destes servizos, o que na actualidade resulta moi complicado pois están a realizarse diversas obras no Pazo Provincial o que dificulta estes traslados, resultando conveniente por razóns organizativas, esperar a que se rematen as obras que se están a executar para poder proceder á reubicación do persoal. Como queira que esta realidade estase a producir antes da formalización da acta de comprobación de replanteo, e o contrato de obras se perfecciona coa súa formalización, o que cumpriría sería que o Órgano de Contratación autorizase a suspensión do contrato en tanto non se solvente o problema da reubicación do persoal que actualmente traballa nos servizos da Deputación que se van a ver afectados polas obras. Solventadas as incidencias que dan lugar á suspensión, deberase formalizar entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo no prazo de DEZ DÍAS , iniciándose nese intre o prazo de execución da obra...”

Considerando.- Que o artigo 36.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece que os contratos que celebren os poderes adjudicadores perfeccionanse coa súa formalización.

Considerando.- Que o artigo 237 da LCSP, recolle que: “...a execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación de replanteo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinado por ambas partes interesadas...”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender o contrato de obras “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”.

Solventadas as incidencias que dan lugar á suspensión, deberase formalizar entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo no prazo de DEZ DÍAS , iniciándose nese intre o prazo de execución da obra.



16.32992.- EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA AVDA. SARMIENTO RIVERA (EP-4006) ENTRE A AVDA. DE ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA REDONDELA (CONCELLO DE PONTEAREAS)”. (Expte.2022063139)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra no marco do exercicio das súas competencias propias, en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio, aprobou varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (OSD) E DA Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Se Mueve, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que esta Administración Provincial é titular da estrada EP 4006, que transcorre polo Concello de Ponteareas, onde se estima que se pode mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción de beirarrúas adecuadas para configurar itinerarios peonís continuos, prioritarios accesibles e seguros.

Resultando.- Que con data 23 de febreiro de 2023, formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas, convenio de colaboración para a execución da obra “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP. 4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a rúa Redondela (Concello de Ponteareas)*”, cun importe de 630.423,58 €. Recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/04/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP. 4006) entre a Avda de Rosalía de Castro e a rúa Redondela (Concello de Ponteareas)*”, redactado por Santiado J. Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvopolo, cun orzamento base de licitación de 630.423,58 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MY68PT5X7TYVQ9UH.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/06/2023 acordou aprobar o expediente e inicio do procedemento de contratación. O anuncio de licitación publicouse no perfil do contratante na data 20/06/2023, sendo o prazo para a finalización de presentación de ofertas ata o 12/07/2023.

Resultando.- Que con data 13/07/2023, trasladouse á Deputación de Pontevedra, solicitude do Concello de Ponteareas para resolver o convenio de colaboración asinado, e derivado disto, deixar sen efecto o procedemento de licitación das obras.

Resultando.- Que no escrito remitido á Deputación, o novo goberno de Concello de Ponteareas, considera de maior prioridade o desenvolvemento do sector do solo urbanizable IND-01 A Lomba, que é o “*Proxecto de humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP. 4006)*”, xa que “*considérase imprescindible a súa ordenación, harmonización e posta en valor a través dun instrumento de desenvolvemento urbanístico axeitado, que permita, paralelamente,*



potenciar nesta área novos proxectos industriais e actividades económicas que non necesiten grandes superficies para a súa implantación (tendo en consideración a súa localización no tecido urbano, próximo á vila), e solucionar as conexións viarias do ámbito” polo que resulta inviable executar as dúas actuacións ó mesmo tempo por razóns económicas.

Resultando.- Que consta no expediente informe do director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais CSV: 65BGCZLKLD4QWHQ4, no que se recolle que non existen obrigas económicas pendentes de liquidar nin existe inconveniente técnico para deixar sen efecto o convenio e as obras derivadas, toda vez que na solicitude remitida polo Concello de Ponteareas, mantén a petición de transferencia dos viarios obxecto da actuación.

Resultando.- Que consta no expediente informe emitido polo Xefe de Servizo de Contratación con código CSV: JYF1NQH1IF1ST33M no que se recolle que se entende que a decisión de non celebrar o contrato por razóns de interese público, atópase debidamente xustificada no expediente, ó constar escrito do novo Goberno do Concello de Ponteareas, que considera que existe outra actuación prioritaria e non existir fondos suficientes para desenvolver as dúas....”

Resultando.- Que consta no expediente informe preceptivo emitido pola Secretaría Xeral da Deputación, CSV: WQQLJ0NX8F05HFOD, recollendo o seguinte: “...Préstase conformidade á proposta de extinción do convenio de colaboración formalizado entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas para a execución do proxecto de “Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. Rosalía de Castro e a Rúa Redondela” así como a renuncia á adxudicación e formalización do contrato das obras, informándose favorablemente...”

Resultando.- Que pola Intervención foi emitido informe ó respecto, constando no expediente con CSV: 2716RSX6PEB973NL, no que se recolle o seguinte: “..Neste caso concreto, rematado o prazo para a presentación de ofertas, consta no expediente a existencia de oito licitadores polo que entendemos que, no caso de ter que compensar a ditos candidatos, debe ser o concello de Ponteareas o que se faga cargo dos gastos nos que se incorra, xa que a resolución do convenio e a renuncia á celebración do contrato é consecuencia da súa solicitude. -O importe achegado no seu día polo concello de Ponteareas procedente do Plan Concellos, anualidade 2023 e non utilizado na financiación deste proxecto, 189.127,07 €, poderá ser destinado a financiar un único investimento do concello, mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno, conforme ás normas do Plan Concellos 2023(...). Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado neste informe...”

Considerando.- Que se compren polo tanto, os requisitos estipulados no artigo 152.3 para adoptar a decisión de non adxudicar o contrato, sento potestade do ó órgano de contratación.

Considerando.- Que neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación do obxecto, en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión.

Considerando.- Que os convenios de colaboración o administrativos constitúen unha técnica propia do Estado (Tco 13/1992; 68/1996), que permiten adoptar acordos con efectos xurídicos adoptados polas distintas Administracións Públicas, para a consecución ou satisfacción dun fin común ós firmantes (LRXSP art. 47).



Considerando.- Que a cláusula décima do convenio asinado establece que “...serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas do convenio de conformidade coa normativa vixente”, e na súa cláusula undécima, sinalase a súa natureza normativa, rexíndose polas cláusulas e o disposto entre outras pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Considerando.- Que os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das causas de resolución que se recollen no artigo 51.2 da LRXSP; entre elas o acordo unánime de todos os asinantes recollido no seu apartado B.

Considerando.- Que a resolución do convenio dará á liquidación do mesmo con obxecto de determinar as obrigas e compromisos para cada unha das partes (art. 52 LRXSP), entre elas a obriga de licitación e execución das obras.

Considerando.- Que o artigo 152 da LCSP regula dúas formas anticipadas de finalización do procedemento de licitación, distintas á forma convencional que é coa adxudicación do contrato.

Unha é a decisión de non celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto mentres subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión.

Considerando.- Que a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato é unha potestade discrecional; o Órgano de Contratación é libre de renunciar á celebración dun contrato atopándose en curso un procedemento de contratación, sempre que existan razóns de interese público para elo.

Considerando.- Que o Órgano de Contratación é libre de renunciar á celebración do contrato, xa que a Administración non pode verse constreñida a celebrar un contrato se existen razóns xustificadas para estimar improcedente dita contratación. Non obstante, a discrecionalidade non pode encubrir unha decisión arbitraria, debendo sempre estar dirixida actuación administrativa á satisfacción do interese xeral.

Considerando.- Que o Tribunal Central de Recursos Contractuais 507/2016, de 24 de xuño de 2016, se constriñe a comprobar que se alega unha causa razoable que non produza discriminación nin arbitrariedade e sen que sexa necesario acreditar exhaustivamente a concorrencia da causa alegada, basta con que a mesma apareza suficientemente identificada e xustificada no expediente. Non serve a mere invocación xenérica dun interese público.

“Debe terse en conta que apreciación das causas de interese público que baxan de motivar a renuncia do contrato constitúe unha potestade discrecional, e polo tanto a súa revisión por este Tribunal atópase forzosamente limitada e se constriñe a comprobar que se alega unha causa razoable que non produza discriminación nin arbitrariedade e sen que sexa necesario que polo órgano de contratación se acredite exhaustivamente a concorrencia da causa alegada, bastando con que a mesma apareza suficientemente identificada e xustificada no expediente”



Considerando.- Que non é necesario a existencia de circunstancias graves ou excepcionais, sendo suficiente que os poderes adjudicadores consideren que a súa celebración poida supoñer un risco para os intereses públicos dos que son garantes (TACRA Rsol 400/2017).

Considerando.- Que o Dereito da Unión non se opón a que os Estados membros establezan na súa normativa a posibilidade de adoptar unha decisión de revocar unha licitación. Os mesmos motivos de dita decisión de revocación poden basearse en razóns relacionadas, en particular, ca apreciación da oportunidade, dende o punto de vista do interese público, de levar a termo un procedemento de licitación, habida conta, entre outras cousas, da posible modificación do contexto económico ou das circunstancias de feito, incluso das necesidades da entidade adjudicadora de que se trata. Unha decisión deste tipo pode tamén motivarse polo nivel insuficiente de competencia debido ó feito de que, ó finalizar o procedemento de adjudicación do contrato en cuestión, unicamente quedará un licitado idóneo para executar dito contrato (TXUE 11-12-14, asunto C-440/13).

Considerando.- Que consta no expediente unha motivación, por razóns de interese público, ó xustificar a priorizar unha actuación por encima de outra e non existir fondos suficientes para as dúas actuación.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Extinguir o convenio de colaboración asinado entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas para a execución da obra “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP. 4006) entre a Avda de Rosalía de Castro e a rúa Redondela (Concello de Pontearreas)*”. (Expte. 2022063139).

Segundo. - Renunciar á celebración do contrato (Expte 2023011815) que tiña como obxecto a execución das obras previstas no convenio extinguido.

17.32993.- DAR CONTA E ACEPTAR AS RENUNCIAS PRESENTADAS POR DISTINTAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “CONECTADAS 2023”
(Expte.2022075085)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, convocou o programa Conectadas 2023, co fin potenciar a participación e promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais en igualdade, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.



A Xunta de Goberno na sesión ordinaria de 27 de xaneiro de 2023 aprobou as bases reguladoras do programa “Conectadas 2023”, aparecendo publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número nº 21 de 31 de xaneiro 2023. Nestas bases figura que as entidades beneficiarias do programa son as asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoien o seu desenvolvemento e actuación, o empoderamento das mulleres, ao igual que o seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 219 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa Conectadas 2023.

Resultando que durante o período de execución do Programa un total de 4 entidades presentan renuncia á acción formativa concedida dentro do programa Conectadas 2023, por diversos motivos entre os que destacan o non reunir o número mínimo de persoas participantes, razóns organizativas e carecer de local para a realización do obradoiro.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa Conectadas para o exercicio 2023 é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada das renuncias presentadas polas seguintes entidades:

| Expediente | CIF | ASOCIACIÓN | CONCELLO |
|------------|-----------|---|----------|
| 2023014596 | G36899995 | Asociación de Amas de Casa de Baiona | Baiona |
| 2023009303 | G94179652 | Asociación Mulleres de Filgueira | Lalín |
| 2023007538 | G36145290 | Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva Santa Eugenia de Mougás | Oia |
| 2023013006 | G36640985 | Asociación de Veciños As Nosas Rúas de Vigo | Vigo |



18.32994.- COMUNICACIÓN

Non houbo.

FÓRA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración de urxencia adoptouse o seguinte acordo:

19.32995.- ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) PARA A POSTA EN MARCHA DA “OFICINA DE PROMOCIÓN, ASESORAMENTO E APOIO AS COMUNIDADES ENERXÉTICAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”, DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS A OFICINAS DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA PARA A PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS (PROGRAMA CE OFICINAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte. 2023004247)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista das Resolucións favorables de concesión de axuda emitidas polo Instituto para a Diversificación Enerxética e Aforro de Enerxía (IDAE) de incentivos para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (programa CE oficinas), no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, a Xefa de Servizo de Cooperación, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- *O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.*
- *O Ministerio para a transición ecolóxica publicou mediante a Orde TED/1021/2022, de 25 de outubro (B.O.E. Número 259, de 28 de outubro de 2022), a aprobación das bases reguladoras para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.*
- *Mediante Resolución de 18 de novembro de 2022, da Presidenta da E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), se da traslado e comunica á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a Resolución de 10 de novembro de 2022, do Consello de Administración do IDAE, pola que se formaliza a primeira convocatoria do programa de incentivos para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE OFICINAS), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, rexistradas na BDNS con data 21/11/2022 e identificador 659874.*
- *Mediante a Resolución Presidencial número RP2023000441, de data 20/01/2023, aprobouse a presentación da solicitude de axudas baixo o proxecto “Oficina de Promoción, Asesoramento e Apoio as Comunidades Enerxéticas da Provincia de Pontevedra” para a súa presentación ao Programa de Axudas a Oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE OFICINAS), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*



- En data de 20/09/2023, con número de rexistro 2023018851, recibíuse a “Proposta de Resolución Definitiva para a concesión de axudas en relación coa “Resolución do 18 de novembro de 2022 da Presidenta da E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se dá traslado e comunica á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), a Resolución do 10 de novembro de 2022 do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se establece a primeira convocatoria do programa de incentivos para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE OFICINAS), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, cuxas bases reguladoras foron establecidas mediante a “Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico” (B.O.E. núm. 259, do 28 de outubro de 2022), onde se aproba a concesión de axudas ao proxecto da Deputación Provincial de Pontevedra.
- O obxecto do proxecto e promover o desenvolvemento dunha oficina de Transformación Comunitaria (en adiante OTC) da provincia de Pontevedra coa finalidade de fomentar e impulsar a creación e o desenvolvemento de Comunidades enerxéticas en todas as comarcas da provincia alcanzando tanto núcleos urbanos, rurais e industriais.
- Polo que respecta ás condicións económicas do proxecto denominado “Oficina de Promoción, Asesoramento e Apoio as Comunidades Enerxéticas da Provincia de Pontevedra” o seu custo total subvencionable cuantifícase en 660.400,00 € e a súa desagregación por tipoloxía de actuación e custe subvencionable detállase na seguinte táboa:

| Tipoloxía de la actuación | Custe subvencionable |
|---------------------------|----------------------|
| 1. Difusión | 215.508,65 € |
| 2. Acompañamento | 83.072,00 € |
| 3. Asesoramento | 8.464,95 € |
| 4. Recursos transversais | 344.354,40 € |
| 5. Xestión solicitudes | 9.000,00 € |
| TOTAIS | 660.400,00 € |

- En canto ao cadro financeiro do proxecto é o que se desagrega a continuación:

| “Oficina de Promoción, Asesoramento e Apoio as Comunidades Enerxéticas da Provincia de Pontevedra” | | | | |
|--|----------------------------|------------------|------------------------------|----------------------|
| Custe total | Custe total subvencionable | Axuda Solicitada | Cofinanciación da Deputación | IVE non repercutible |
| 746.978,80 € | 660.400,00 € | 495.762,28 € | 164.637,72 € | 86.578,80 € |



- En canto ao cadro financeiro do proxecto correspondente á Deputación de Pontevedra, por anualidades é o que se desagrega a continuación:

| Entidade | Execución no 2023 | Execución no 2024 | Execución no 2025 | Execución no 2023-2025 (100% do investimento elixible admitido) |
|--|-------------------|-------------------|-------------------|---|
| Axuda concedida IDAE | 200.000,00 € | 147.881,14 € | 147.881,14 € | 495.762,28 € |
| Aportación Deputación (fondos propios) | 164.637,72 € | 0 | 0 | 164.637,72 € |
| Total | 364.637,72 € | 147.881,14 € | 147.881,14 € | 660.400,00 € |

- En canto a execución do proxecto está previsto que se inicie a tramitación administrativa trala concesión da axuda solicitada e estímase que no prazo de 24 meses, a contar a concesión da axuda, polo que se prolongará ata 30 setembro de 2025.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
 - Resolución do 10 de novembro de 2022, do Consello de Administración do E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. pola que se establece a primeira convocatoria do programa de incentivos para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE OFICINAS), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
 - Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
 - Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
 - Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
 - Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
 - Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
 - Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello do 14 de decembro de 2020 polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.



- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- «Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01)» («Guía Técnica da Comisión Europea»)
- «Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088» («Regulamento de Taxonomía»).
- Actos Delegados do Regulamento de Taxonomía, «Supplementing Regulation (EU) 2020/852 of the European Parliament and of the Council by establishing the technical screening criteria for determining the conditions under which an economic activity qualifies as contributing substantially to climate change mitigation or climate change adaptation and for determining whether that economic activity causes no significant harm to any of the other environmental objectives» («Actos Delegados de Taxonomía»).
- Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, do 6 de xullo de 2021.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto na disposición Décimo terceira da Resolución do 10 de novembro de 2022, do Consello de Administración do E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE); a aceptación da axuda producirase de acordo con o disposto no apartado 3 do artigo 18 das bases reguladoras, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de notificación da resolución definitiva na sede electrónica do IDAE.
- No artigo 13.a de a Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; para formular a solicitude deberase achegar o certificado acreditativo da resolución ou acordo do órgano de goberno ou de representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, apróbense:
 - 1.º A participación e aceptación expresa do procedemento regulado por esta orde.
 - 2.º O plan de traballo do proxecto obxecto de axuda, conforme ao modelo que se estableza pola convocatoria correspondente, e o compromiso para dotar orzamentariamente o mesmo



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente:

- *De conformidade co previsto na disposición Décimo terceira da Resolución do 10 de novembro de 2022, do Consello de Administración do E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE); a aceptación da axuda producirase de acordo con o disposto no apartado 3 do artigo 18 das bases reguladoras, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de notificación da resolución definitiva na sede electrónica do IDAE.*
- *En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúese a Xunta de Goberno*

III. CONCLUSIÓN

A Deputación de Pontevedra solicitou unha axuda con cargo ao IDAE para a posta en marcha do proxecto de “Oficinas de Transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (programa CE oficinas)”, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, completándose cunha achega por parte da Deputación de cada actuación incluída no proxecto.

En data de 20/09/2023, con número de rexistro 2023018851, recibíuse a “Proposta de Resolución Definitiva para a concesión de axudas en relación coa “Resolución do 18 de novembro de 2022 da Presidenta da E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se dá traslado e comunica á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), a Resolución do 10 de novembro de 2022 do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se establece a primeira convocatoria do programa de incentivos para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE OFICINAS), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, cuxas bases reguladoras foron establecidas mediante a “Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico” (B.O.E. núm. 259, do 28 de outubro de 2022), onde se aproba a concesión de axudas ao proxecto da Deputación Provincial de Pontevedra.



Neste sentido, conformidade co previsto na disposición Décimo terceira da Resolución do 10 de novembro de 2022, do Consello de Administración do E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE); a aceptación da axuda producirase de acordo con o disposto no apartado 3 do artigo 18 das bases reguladoras, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de notificación da resolución definitiva na sede electrónica do IDAE.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do devandito proxecto é necesario realizar a aprobación dos mesmos, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 660.400,00 euros correspondente ás subvencións concedidas mediante a resolución de concesión de axuda de 18 de novembro de 2022.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 164.637,72 euros.

Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª das de execución dos orzamentos provinciais, abriranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.

Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo IDAE, inícianse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda ao proxecto de Oficinas de Transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (programa CE oficinas), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

*A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 21/09/2023, e da Intervención Provincial de data 21/09/2023, a Xunta de Goberno accorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida polo IDAE ao proxecto identificado co código PR-OTC-2022-000073 para a súa execución, mediante resolución favorable da Secretaria Xeral do IDAE co número de rexistro de entrada 2023018851 na Deputación de Pontevedra en data 20/09/2023, sendo o total do investimento elixible admitido de 660.400,00 €.



- Aprobar o gasto para as anualidades 2023-2025 cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

| Entidade | Execución no 2023 | Execución no 2024 | Execución no 2025 | Execución no 2023-2025 (100% do investimento elixible admitido) |
|--|-------------------|-------------------|-------------------|---|
| Axuda concedida IDAE | 200.000,00 € | 147.881,14 € | 147.881,14 € | 495.762,28 € |
| Aportación Deputación (fondos propios) | 164.637,72 € | 0 | 0 | 164.637,72 € |
| Total | 364.637,72 € | 147.881,14 € | 147.881,14 € | 660.400,00 € |

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 164.637,72 € na aplicación que se abra do orzamento provincial no correspondente proxecto de gastos 92300002 “Programa OTC”, sobre o que se contabilizarán as operacións de “xeración de crédito”, polo importe estimado da subvención a percibir do IDAE.
- As presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:
 - Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.
 - Xustificar ante o IDAE directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, que cumpre cos requisitos ou condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou, excepcionalmente, o que se sinale na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso.
 - Realizar o pagamento das facturas antes da data en que deban presentarse ante o IDAE. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como se establece na convocatoria.
 - Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



- Comunicarlle ao IDAE, directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, recollidas no artigo 7 da convocatoria.
 - Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro e ao previsto polas disposicións nacionais e da Unión Europea en relación ao MRR e normativa de desenvolvemento.
 - Toda referencia ás actuacións subvencionadas en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e en xeral calquera medio de difusión debe cumprir cos requisitos que figuran no Manual de Imaxe do Programa de incentivos á mobilidade eléctrica que estará dispoñible na web do IDAE, no que figuran Ministerio para a concesión de axudas a Oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas)”, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
 - Tamén supón a súa aceptación da obriga de aplicar medidas antifraude, eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, e cumprir coa normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.
 - Comunicarlle ao IDAE a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - O beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 34, apartado 2, do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021: O único logotipo válido é o formado polo emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea situada debaixo do mesmo. Se ben, en toda comunicación relativa a fondos europeos deberase incorporar ademais unha referencia á financiación pola Unión Europea e ao Fondo NextGenerationEU.
- Darlle traslado do presente acordo á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia

20.32996.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

